

NOTA DE PRENSA

Con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) pon de relevancia varios dos asuntos pendentes na materia na nosa Comunidade

Os efectos das especies exóticas invasoras, os incendios forestais, a conservación de varias especies ameazadas, a aplicación de insecticidas e as radiacións electromagnéticas non ionizantes preocupan aos biólogos

Santiago de Compostela. 4 de xuño de 2012

O día 5 de xuño celébrase de novo o Día Mundial do Medio Ambiente. Nesta ocasión o COBGA quere facer fincapé en varios asuntos que suscitaron a súa preocupación no que vai de ano:

As especies exóticas invasoras

Galicia non é allea a esta ameaza real e inmediata destas especies con comportamento invasor para a biodiversidade e a economía de Galicia. O bambú xaponés, o xacinto de auga, o fento de auga, o visón americano, o nematodo do piñeiro, a unlla de gato ou a herba da Pampa, entre outras, supoñen desembolsos millonarios para os organismos responsables da súa retirada e poden ter efectos nocivos para a saúde humana. Neste sentido o COBGA solicitou á Administración autonómica ambiental o desenvolvemento e aplicación dos contidos do Real Decreto 1628/2011, que regula a Lista e o Catálogo español de especies exóticas invasoras, insistindo na urxencia de desenvolver plans de erradicación das especies que se atopan en fases temperás de expansión en Galicia e de poñer en marcha os plans de control e erradicación das xa estendidas.

Os incendios forestais

Un ano máis, no que parece constituír xa unha tradición, os lumes afectaron aos nosos montes, e o Parque Natural das Fragas do Eume nesta ocasión non foi unha excepción. Ademais de lamentar o destrozo causado, o COBGA reitera a importancia de establecer unha política forestal que prime a prevención, que sexa realizada ao longo de todo o ano e sostida no tempo, ordenando o combustible, creando zonas de alta seguridade con vexetación controlada nos bordes de infraestrutura de transporte e enerxía e de xeito especial nas cercanías de vivendas e propiedades, e campañas de sensibilización para a prevención e a potenciación do inmenso patrimonio natural de Galicia. De ter que aplicar medidas de restauración, éstas serán o menos agresivas posible e han de favorecer a rexeneración natural que en xeral é boa na nosa comunidade, felizmente. Os biólogos son profesionais con atribucións nestas áreas e están dispostos a poñer os seus coñecementos e experiencia en favor da conservación do noso medio. Así o fixemos saber tamén á Administración competente. Pero é responsabilidade de todos nós coidar del.



Plans de conservación e recuperación de especies

O COBGA trasladou as súas alegacións e participou nas Mesas de discusión dos plans de recuperación do sapoconcho común e da escribenta das canaveiras e o plan de conservación da pillara das dunas. Existen 74 especies en perigo de extinción en Galicia e só 35 teñen documentos técnicos para a preparación dos decretos dos plans de recuperación. O Colexio instou á Dirección Xeral de Conservación da Natureza a desenvolverlos e aplicalos urxentemente. Tamén considera de especial importancia potenciar o traballo do Observatorio Galego da Biodiversidade. De novo está en xogo o noso patrimonio.

Loita biolóxica

A utilización de sustancias como o flufenoxuron para combater determinadas pragas de especies forestais como o *Gonipterus scutellatus* dos eucaliptos, pode ser contraproducente para a loita biolóxica. Ademais, ao non ser un insecticida específico, podería afectar a toda clase de insectos, incluídas as abellas. O COBGA recomenda encarecidamente aplicar o principio de precaución antes de tomar medidas como esta.

Radiacións electromagnéticas non ionizantes (REMNI)

Igualmente neste caso é de aplicación o principio de precaución tal e como o define a Ley 33/2011, General de Salud Pública, en relación ás REMNI xa que aínda que non se coñecen en profundidade os mecanismos mediante os que causan dano nos seres vivos, hai probas inequívocas sobre o seu efecto nocivo. Polo tanto a proximidade a antenas de telefonía móbil ou a exposición a redes inalámbricas (wifi) debe ser obxecto de regulación. Isto é especialmente importante no caso dos nenos, moito máis sensibles a estas exposicións. Sería recomendable que se prohibira o uso do teléfono móbil, dispositivos wifi ou antenas de telefonía móbil nas proximidades dos centros escolares.

Tres semanas despois do Día Mundial do Medio Ambiente, Brasil será a sede da Conferencia sobre Desenvolvemento Sustentable "Río + 20". A ela asistirán líderes mundiais para discutir o deseño dun futuro sustentable co medio ambiente. **O COBGA espera deles un exercicio de coherencia e de responsabilidade e que transmitan a mensaxe de que, aínda na situación económica na que nos atopamos, é imprescindible investir en conservar a nosa casa común, único lugar do Universo, agás demostración en contrario, onde se desenvolve a vida.**